



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

**Asunto:** Liquidación Orzamento 2019

**Grupo de consolidación formado por:**

Concello de Vigo como entidade Matriz ,

Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo,

Fundación MARCO,

Fundación Convention Bureau,

Fundación FAIMEVI.

**Competencia para a súa aprobación:** Alcaldía-Presidencia

**Normativa:**

- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
- Regulamento Orzamentario (R.P.), aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril (B.O.E. número 101, de 27 de abril.
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001 de estabilidade orzamentaria.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local (LRSAL).
- Orde de Economía e Facenda 3665/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura orzamentaria das entidades locais.
- Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012.
- Resolúcións da Alcaldía-Presidencia de Delegación de Competencias de 18 e 26 de xuño de 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/02/2020 07:40

Páxina 1 de 6

Expediente 133/143

CSV: 24EBEA-25C4E2-5B48C4-S53N7P-PQGEWF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

**PROPOSTA**

O orzamento de cada exercicio liquidarase en canto á recadación de dereitos e ao pagamento de obrigas ao 31 de decembro de cada ano, e porá de manifesto:

- Respecto do Estado de Gastos do Orzamento, e para cada aplicación orzamentaria, os créditos iniciais, as súas modificacións e os créditos definitivos, os gastos autorizados e comprometidos, as obrigas recoñecidas, e os pagamentos realizados e os saldos acredores pendentes e pago.
- Respecto do Estado de Ingresos do Orzamento, e para cada un dos conceptos, as previsións iniciais, as súas modificacións e as previsións definitivas, os dereitos recoñecidos e anulados, os ingresos recadados netos e os saldos debedores pendentes de cobro.
- Respecto das operacións do Orzamento pechado, para os ingresos, as modificacións das previsións, dereitos anulados, dereitos cancelados, recadación e pendente de cobro. En canto ás obrigas, o saldo inicial, as modificacións, pagamentos feitos e obrigas pendentes a 31 de decembro.

Como consecuencia da liquidación, e de acordo co previsto nos artigos 191.2 do TRLRFL e 93.2 do Regulamento Orzamentario, teñen que quedar determinados, polo seu carácter obrigatorio:

- ✓ Resultado Orzamentario.
- ✓ Remanente de Tesourería.
- ✓ Os Remanentes de crédito.
- ✓ Os dereitos pendentes de cobro e as obrigas pendentes de pagamento a 31 de decembro, do orzamento corrente e pechados.

A Liquidación do Orzamento do ano 2019, está condicionada polo PEF en vigor, polo que o cumprimento dos obxectivos de Estabilidade e Regra de Gasto teñen que respectar o previsto no PEF aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do 27 de febreiro de 2019 e por Resolución de 4 de xuño de 2019, do Sr. Director Xeral de Política Financeira, Tesouro e Fondos Europeos da Xunta de Galicia.

De acordo ao informe emitido polo Sr. Interventor Xeral Municipal á Liquidación do Orzamento da Entidade Local da Entidade, o seu Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo e as Fundacións MARCO, CONVENTION BUREAU e FAIMEVI que forman parte do perímetro de consolidación, sométase o expediente da Liquidación do Orzamento do ano 2019 á aprobación da Alcaldía-Presidencia, tal e como o preceptúa o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 90.1 do Regulamento Orzamentario, aprobado polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, das que deducen as seguintes magnitudes de interese:



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/02/2020 07:40

Páxina 2 de 6

Expediente 133/143

CSV: 24EBEA-25C4E2-5B48C4-S53N7P-PQGEWF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

a) Remanente de Tesourería e Resultado orzamentario da Entidade e consolidado dos Entes con orzamento limitativo

Entidade			Estados Consolidados		
Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario	Remanente L. Tesourería		R. Orzamentario
2018	2019	2019	2018	2019	2019
76.489.706,16	92.057.012,48	29.002.681,54	80.609.468,62	99.902.443,49	30.275.866,59

b) Estabilidade orzamentaria do grupo

Variable	Entidade	XMU	MARCO	FAIMEVI	C.BUREAU	Total
Est. Orzamentaria	17.196.581,94	1.983.290,12	-15.212,60	8.650,32	20.782,22	19.194.092,00
Previsto no PEF	5.194.089,63	270.437,00	53.906,00	,00	33.151,00	5.551.583,63

c) Regra de Gasto (TRCPIB<sub>2019</sub> 2,7%) do grupo

Entidade	Gasto máximo admisible Regra de Gasto				Gasto computable liquidación 2019 (5)	Cumprimento (+), incumplimento (-)
	Gasto computable Liquid. 2018 (1)	(2) = (1)*(1+TRCPIB)	(+/-) Recadación por cambios normativos 2019 (3)	Límite regra de gasto (4)=(2)+(3)		
Fundación Marco	757.094,27	777.535,82	,00	777.535,82	826.936,84	-49.401,02
FAIMEVI	12.608,36	12.948,79	,00	12.948,79	10.061,29	2.887,50
Concello de Vigo	227.418.307,67	233.558.601,98	,00	233.558.601,98	212.134.714,44	21.423.887,54
Xerencia Urban.	579.169,20	594.806,77	,00	594.806,77	5.242.559,75	-4.647.752,98
C. Bureau	443.671,64	455.650,77	,00	455.650,77	454.217,78	1.432,99
T. Gasto comput.	229.210.851,14	235.399.544,13	,00	235.399.544,13	218.668.490,10	16.731.054,03
Previsto no PEF				235.407.933,43	218.965.630,28	16.442.303,15

d) Tesourería

Entidade	Consolidada, orzamentos limitativos
81.573.913,47	95.189.138,04





CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

**e) Fluxos de tesourería dos entes con orzamento limitativo**

Concepto	Entidade	Consolidado
Cobros Presupostarios corrente e pechados	251.522.905,11	253.452.424,99
Pagos Presupostarios corrente e pechados	244.848.003,92	244.711.235,48
Cobros non presupostarios	65.341.532,56	67.288.308,03
Pagos non presupostarios	68.236.126,44	70.173.783,90

**f) Aforro Netodos entes con orzamento limitativo**

Entidade	Consolidado
34.394.145,71	35.986.579,53

**g) Período medio de pago mensual do grupo**

PMP , Real Decreto 635/2014 modificado polo RD 1040/2017, correspondente ao ano 2019												
Institución	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño	Xullo	Agosto	setembro	outubro	Novembro	Decembro
Ent. Local	15,65	10,02	11,61	9,54	8,78	11,89	12,38	13,98	14,89	11,75	10,40	9,11
FAIMEVI	78,9	108,26	139,02	168,79	199,56	230,69	261,02	292,21	321,97	352,72	382,49	413,25
MARCO	42,34	29,51	49,76	42,28	39,63	27,59	28,50	47,72	36,52	30,30	52,18	79,11
XMU	7,85	7,95	13,28	5,77	8,93	13,01	9,67	19,04	21,68	10,09	8,98	11,00
V. C.BUR.	935,92	50,96	17,66	44,07	10,29	38,28	65,41	63,62	23,90	9,49	22,74	8,42
PMPGlob.	17,29	10,27	12,17	9,77	9,02	12,03	12,54	14,34	15,18	11,92	10,78	9,40

**h) Endebamento grupo**

$\% \text{ Endebamento} = (\text{Débeda financeira bancaria pendente de amortizar} / \text{Dereitos Liquidados por operacións correntes do estados consolidados}) * 100.$

En relación co endebamento, a Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira no seu artigo 13 establece a obriga de non pasar o límite de débeda pública que foi fixado no 2,6% do PIB para o exercicio 2019.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/02/2020 07:40

Páxina 4 de 6

Expediente 133/143

CSV: 24EBEA-25C4E2-5B48C4-S53N7P-PQGEWF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

Non se establece unha equivalencia do citado límite de débeda en termos de ingresos non financeiros ou outra variable que permita o seu cálculo de forma individual para cada entidade, polo resulta de aplicación o límite que establece o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais no seu artigo 53, que o fixa no 110% dos ingresos correntes liquidados, considerando para o seu cálculo o disposto na Disposición final trixésimo primeira da LPGE para 2013.

Dereitos Liquidados axustados por operacións correntes dos estados consolidados unha vez feitos os axustes: 252.379.149,39 euros.

Débeda bancaria pendente de amortizar a 31/12/2019: 0 euros.

Débeda a curto prazo da Fundación MARCO 85.455,54 euros, que non computa no endebedamento por ser de curto prazo.

Coefficiente de endebedamento a 31/12/2019, 0%.

### Conclusiones

Durante o exercicio 2019, en todos os meses deuse cumprimento a Período Medio de pago, sendo o PMP para o perímetro de consolidación de 12,08 días, calculado segundo o previsto no Real Decreto 635/2014 e 1040/2017, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos réximes de financiamento, previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, do que se achega un estado informativo no expediente.

Hai cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria para o Grupo de consolidación.

Hai cumprimento no obxectivo da Regra de Gasto.

En ambos casos, os obxectivos están dentro do previsto no Plan Económico Financeiro en vigor para os anos 2019/2020.

Hai aforro neto positivo, calculado nos termos que establece o artigo 53 do TRLRFL.

Hai Remanente Líquido de Tesourería para gastos Xerais positivo.

Hai Resultado Orzamentario positivo.

Non hai endebedamento con ningunha entidade financeira.

Da Liquidación do Orzamento do grupo de consolidación darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre en cumprimento do previsto no artigo 193.4 do TRLRFL.





CONCELLO DE VIGO  
CONCELLALÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente Nº : 133/143

Así mesmo, en execución do previsto no art. 193.5 do TRLRFL, remitirase copia do expediente á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma antes de que finalice o mes de marzo de acordo os procedementos de remisión telemática que están previstos.

En relación cos prazos de remisión, estarase ao previsto na LOEPSF e a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Presupostaria e Sostibilidade Financeira e Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, quedando establecido o calendario na Disposición Final SEXTA das Bases de Execución do Orzamento.

**Proposta**

Aprobar a Liquidación do Orzamento do ano 2019 do Grupo consolidado conformado polo Concello de Vigo como entidade Matriz, Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo, con orzamento limitativo e as Fundacións sectorizadas pola Intervención Xeral da Administración del Estado con orzamento empresarial: MARCO, Fundación Convention Bureau e Fundación FAIMEVI, co detalle das variables que se conteñen na proposta e que serán reproducidas na Resolución.

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O Tesoureiro e Director Superior Contable e Orzamentario: Luis García Álvarez

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira

Delegación por Resolución da Alcaldía do 18 e 26 de xuño de 2019 e da Xunta de Goberno Local de 20 de xuño de 2019



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/02/2020 07:40

Páxina 6 de 6

Expediente 133/143

CSV: 24EBEA-25C4E2-5B48C4-S53N7P-PQGEWF-H1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>